

PROBA COMPLETA NIVEL INTERMEDIO (alumnado 2º CFP Básica)

Tempo: 90 minutos máximo

63 preguntas

Mínimo 45 preguntas correctas

Áreas Competencias

1.- Información e datos (9 preguntas – mínimo 6 correctas)

Navegar, buscar, filtrar, avaliar e xestionar os datos, a información ou o contido dixital

Navegar, buscar, localizar e filtrar información, datos e contidos dixitais.

Avaliar e verificar a información, os datos e o contido dixital.

Manexar a información, os datos e os contidos dixitais.

2.- Comunicación e colaboración (18 preguntas – mínimo 11 correctas)

Interactuar, compartir, participar e colaborar a través das tecnoloxías dixitais. Coñecer as regras de comportamento na rede e xestionar a identidade dixital.

Interactuar a través das tecnoloxías dixitais.

Compartir a través de tecnoloxías dixitais.

Participar na sociedade a través das tecnoloxías dixitais.

Colaborar por medio das tecnoloxías dixitais.

Comportarse na rede: netiqueta.

Xestionar a identidade dixital.

3.- Creación de contido dixital (12 preguntas – mínimo 8 correctas)

Facer, refacer ou compoñer contidos dixitais. Entender como se aplican os dereitos de autor e as licenzas de uso. Incluír a programación como xeito de expresarmos nunha contorna dixital.

Crear contido dixital.

Refacer e compoñer contidos dixitais.

Atender os dereitos de autoría e licenzas.

Programar.

4.- Seguridade e privacidade (12 preguntas – mínimo 8 correctas)

Protexer os dispositivos e os datos persoais, resgardar o privado e preservar a saúde, o benestar e o medio ambiente.

Protexer os dispositivos.

Protexer os datos persoais e a privacidade.

Protexer a saúde e o benestar.

Protexer o medio ambiente.

5.- Contorna dixital e solución dos problemas (12 preguntas – mínimo 8 correctas)

Coñecer a contorna, configurar os dispositivos tecnolóxicos e resolver problemas técnicos, identificar as necesidades de resposta tecnolóxica, usar as tecnoloxías de forma innovadora e creativa e identificar fallas nos coñecementos dixitais.

Comprender o contorno dixital e resolver problemas técnicos.

Identificar necesidades e respostas tecnolóxicas.

Usar as tecnoloxías de xeito creativo.

Identificar fallas nos coñecementos dixitais propios.

PROBA ÁREA DE DOMINIO 4 NIVEL INTERMEDIO

Tempo: 20 minutos máximo

12 preguntas

Mínimo 8 preguntas correctas

Alumnado 2º ciclos medios agás:

- Instalacións de telecomunicacións
- Instalacións eléctricas e automáticas.

Área Competencias

4.- Seguridade e privacidade (12 preguntas – mínimo 8 correctas)

Protexer os dispositivos e os datos persoais, resgardar o privado e preservar a saúde, o benestar e o medio ambiente.

- Protexer os dispositivos.
- Protexer os datos persoais e a privacidade.
- Protexer a saúde e o benestar.
- Protexer o medio ambiente.